

O home do gabán negro

Celedonio Fernández Rodríguez

VIII Concurso de cuentos Repsol S. A.
Accesit en lingua gallega

Ano 1995



A primeira ocasión que topei co home do gabán, e teño tamén que dicilo, a última, rematara de engulir unha pesada cea a base de ovos e cervexa «Mahou», no escuro soto-bar dun pequeno motel azul, xunto ó monte, o cal se atopa nas proximidades da Cañiza.

Naquela ocasión postergara o retorno á aldea fuxindo da vergoña que la suporme o fracaso da miña experiencia universitaria. No trimestre anterior suspendera catro asignaturas, as suficientes como para non atreverme a lle mira-la cara ós meus pais; e aparte para afronta-lo feito do remate da vida bohemia e baleira pola que me distinguira en Vigo.

Así que esquecín deliberadamente o autobús da Cidade das Burgas e deambulei polas calexas húmidas e anoitecidas do pobo, ata atopar esta pensión na que gas tei os últimos cartos, coma quen relame os derradeiros bocados dun xantar farturento.

Rematada aquela atristurada comida, andei sen sentido polo recibidor do hotel e por último, detívenme fronte á galería de cristal, ollando pesadamente cara á escurida de. Alí fóra eran as nove da noite. A natureza decidira naquela hora desatar toda a furia e a carraxe ateigada ó longo do estío. Os xemidos do vento e o renxer das madeiras mal apuntaladas recortáronse en irregularidades celosías de lóstregos, fronte ás cimas de Fontefría. Resultaba unha fermosa visión. E era certo, gustábanme esta clase de escenas, pois concomitaban comigo.

As árbores combábanse como a miña fe. Os regatos, irritantemente, bulían oufanos, parodiando a propia frustración. A tromba de chuvia rememoraba millóns de bágoas verquéndose ó xeito das faíscas melancólicas que lentamente consumían o espírito, como a silva do Sináí.

Matinando na tempestade foi entón cando albisquei por vez primeira a silueta escualida do home do gabán negro. Penso que xurdiu da nada. Nun primeiro momento confundino cunha pena, pois o seu tamaño non superaba ós das pequenas manchas do redor. Mais aquela rocha, subitamente, comezou a camiñar de forma vacilante, e avanzou con lentitude cara á fachada da hospedaxe, enfiando os seus pasos contra aquel anaco de luz que nacía de entre as sombras.

O seu perfil no medio da chuvia, tiña algo de sobrecolledor e tebroso. Era moi delgado. Vestía un traxe escuro, diluido pola penumbra, p or riba súa un enorme gabán de cor negra, mal posto e desaliñado; como se alguén tivese mollado nel coa forza dun rinoceronte. Non levaba sombreiro e o seu pelo vislumbrábase na lonxanía como dun marrón moi intenso, revoltado incesantemente pola acción do vento e da chuvia anoitecida.

Aquel estraño personaxe andou pola calzada a trompicóns, mentres arrastraba visiblemente a coxeira da perna esquerda. Cada dez ou vinte pasos miraba nerviosa mente ás súas costas, como se temese que da noite puidesen xurdir dentes que quixesen engulilo. Despois volvíase

e continuaba camiñando con igual lentitude, na dirección do hotel.

Tras unha curta andaina rematou atravesando o umbral do hotel. Véndoo de preto comprobei que seu aspecto, máis que o dunha aparición, era o dun pordioseiro; aínda que no seu interior algo quixese negalo.

Tódolos presentes rematamos por ollar o extravagante porte do recién chegado. El notou as nosas miradas antes, inclusive, que nós mesmos. Devolvéunolas nunha panorámica lenta, feita con fuxidía desconfianza. Logo, andou cos mesmos pasos medidos e coa mesma coxeira, cara á oblonga barra da recepción.

O home quixo sorrir á recepcionista, pero non puido. Tan só unhas palabras esgotadas saíron da súa gorxa, can ton enfermizo. Discúlpeme -dixo entre respiracións afo gadas-, discúlpeme por chegar así. Hoxe, hoxe... -dubidou e a súa mas pasouse polos cabelos mollados da cabeza-. A treboada... tiven problemas co coche. Averiuse preto do río e -foi a primeira vez que lle oira usar unha conxunción- non levaba ningún paraugas no auto.

-¿Encóstrase bes? -preguntóulle a rapaza non sen preocupación.

-Encontro... so ando asustado -dixo-... o do río e a noite, ¿sabe? Nada máis. -Logo cambiou de tema-. Necesito unha habitación agora. Levo cartos.

Tódalas alcobas achábanse baleiras, agás a miña, claro. El colleu un departamento da parte alta. Ao entregarlle

a chave colleuna con forza, meténdoa de seguido no peto. Chamoume a atención de que nin se fixara no número. De seguido, o home atravesou a minúsculo «hall» e descendeu polas escaleiras do bar. Cousa nada sinxela cando se arrastra unha ferida na perna. Ao saír do vestíbulo, os empregados arrexuntáronse contra a barra asubindo palabras no ton máis baixo posible e de cando en cando, lanzando furtivas miradas cara ás escaleiras.

Nos seguintes minutos non puiden separa-los meus pensamentos da imaxe do home do gabán. ¿De onde viña? ¿Quen era? ¿A quen temía? A miña imaxinación, por fuxir do futuro, matinou inverosímiles e imposibles respostas. Supoño que pensar no home faríame olvidar o porqué da miña presenza. Supoño tamén que de todas formas anhelaba meterme en problemas. O meu interese aumentou e aumentou. «¿Quen era? ¿A quen temía?» Algo me chamaba. Algo requería a miña atención naquel home. E eu desexaba coñecelo. No bar só había dúas persoas. O do gabán arrimárase ó mostrador a xoguetear cunha pequena copa de xenebra. O «barman» mirábao can xesto petreo, dende o outro extremo da barra. Ninguén dos dous se decatou da miña presenza.

Tentei saudalo. Mais el deu a volta, trabando os dentes e encarouse contra min en actitude de loita. Sen percatarme erguin as mans, pero despois nada ocorreu. O home turbouse, sacudiu a cabeza e retrocedeu cara atrás; estaba mol, mol corrido.

-Desculpe, señorita -dixo- non quixen asustala.

-Non, non é nada -respondinlle, tentando forzar un rictus crible-. Pero...

O home voltouse un instante. Dubidou e voltou a me mirar.

-¿Que? ¿Está só? -inquirín. -Si, gosto de estar só. Sorrínlle:

-¡Que curioso! Eu tamén -e sentei ó seu carón. Paradoxo. As cousas máis estúpidas son sempre as máis cribles. El, no fondo, desexaba compañía.

Non era persoa de moitas palabras. Tras unha longa conversa, máis longa do que conviña, conseguín entresacadle que era delineante, que por unha certa razón tivera que viaxar a Pontareas, e que pola mala sorte sufrira un percance a uns poucos quilómetros de alí. A parte diso, as típicas vacuidades das que un se esquece coma de si mesmo.

Ó fin, farta de agardar inutilmente, espeteille a única pregunta que me interesaba:

-Ti tes medo de algo, ¿de que? -miroume fixamente. - Aínda non o sei -contestou, baixando os ollos. -¿Non o sabes? -repliqueille- ¿Cómo podes dicir algo así?

-Tampouco cho podo explicar. Parécese a...

Alzou os ollos e contorsionou un sardónico sorriso: «Odi et amo, quare id faciam fortasse requiris. Nescio, sed fieri sentio et excrucior».

-¿Que é? -preguntei

-Tampouco o sei eu. -Fixo un aceno coa mas- Son dísticos den bardo latino chamado Valerio Catulo. Aprendinos de neno e, sem sabelo, xamáis os esquecín. Mirou me en busca dunha resposta. Eu non la seguidle o xogo.

-Iso só é unha evasiva. ¿Que ten que ver co que che preguntei?

Zarandeo as sens.

-Realidades equivalentes teñen significados equivalentes.

-¿Qué? -sen entendolo.

-Catulo non comprendía nin coñecía o seu problema -dixo- Eu tampouco.

Logo silencio. Os segundos pasaron mentres que cada un dos dous agardaba que o outro falase. Pero ninguén fixo nada. O home xoguetou coa copa e mirou cara ás adurmiñadas escaleiras, que subían ata o vestíbulo. E sem embargo matinaba.

Tras unha longa batalla interior decidíese:

-¿Sabes?, respecto ó que me preguntaches... E estraño, pero hoxe sentís algo trato accidente.

-¿Qué?, dio

-Hoxe sentina. -Miroume atristurado-. A ela.

-¿A quen?

-A... -«non o digas» díxose a si mesmo «Non o digas» ...-á morte.

«Morte». Era iso. Un calafrio serpenteoume no corpo. A chuvia semellou arreciar e o vento facerse máis forte. E nós aquí aparte.

El, cheo de amargura, dixo:

-¿Non me eres?

Non lle respondín

Apurou a copa e logo depositou una lentamente sobre a barra.

-Compréndote -continuou-. Pero ela esperábame e vira. Vira, en serio. Agora incluso sinto os seus ollos clavados sobre os meus e as súas xeadas mans...

-¿Cómo dis? -interrompino.

-Déixame eontarcho. Ocorreu hai unhas horas. Esta noite conducía perfectamente. Non bebera, xúrocho. Chovía e entón, entre as pingas e o vento, vin xurdir unha mácula lacia coma a néboa. Achábase ali. Ela provocou o accidente. E cando o coche caeu ó río contempleina. Recordo a súa forma, non moi ancha, delgada. Vestía farrapos brancos. As mans e os brazos tiñaos moi finos e osudos, rematando nunhas unhas longas e afiadas, dunha cor verde biliosa. Que vira, non tiña pernas e flotaba no aire. Mais iso non era o mais estraño, nin o peor.

Mirou cara afora. A súa vista perdeuse.

-Aínda agora me mete medo; o seu rostro, aquela expresión...

Crin que berraba pero non oía nada. Os ollos, a súa boca, eran enormes. Non tiña nariz e creo que tampouco meniñas. Se che puidera dicir o que producía aquela cousa. Tiven medo. Teño medo, porque sei que me agarda alí fóra e ven por min.

-¿Seguro?

-Ti non o entendes -tragou saliva- pero hoxe morrín, amiga, hoxe morrín. Sinto como se estivese morto.

Non souben ou non quixen responderlle. El continuou.

-Tras caer no río non recordo nada. Só que despertei no medio da estrada. Ela continuaba alí, pero tiña unha forma distinta; xa non era un esqueleto cuberto de pel, era unha rapaza. Era, si, crin que deliraba. Era fermosa. Os seus brazos abríanse e desexaban apertarme, pero logrei fuxir. Aínda me persegue.

Olloume por vez última, logo baixou do taburete e sacudiu o gabán.

-En fin, supoño que é normal. Eu tampouco lle daría certo.

Despediuse con humildade e botou andar cara a saída. Agora apenas coxeaba. Fronte ás escaleiras detívose, alzando a vista ás alturas:

-¿Es ti? -dixo-. Se é certo, cólleme. Xa non aturo esta fuxida. Logo subiu e os seus pasos perdéronse no vestíbulo.

Por un instante permanecía fitando cara ós escaños baldeiros, matinando na autenticidade daquelas palabras. Topei coa miña amiga Amaia na estación de autobuses. Tamén perdera o «bus».

-Ana -díxome a miña amiga-. Mira o periódico. -¿Que pasa? -contesteille

-Morreu o compañeiro de Ponteareas. Viñera visitar o seu pai porque estaba enfermo e atopou a morte có vello.

-¿Sí?

-Fíxate -sinalou un recadro can dedo-. Fíxate: «Xove morre afogado no Avia polas chuvias torrenciais da pasada noite» o seu coche derrapou e afundiou coa enchenta. Atoparon o cadáver ás catro da mañá. ¿Ti que eres que pode pensar alguén nun momento como ese? Din que cando o atoparon o díaño aínda sorria. Se o vises. Mirei aquel anodino artigo. Había unha foto adxunta do morto. O rapaz non chegaria ós trinta anos, levaba un abrigo de cor negra. Ó velo xeouseme o sangue e tirei co periódico, coma unha cousa maldita.

-Ana, ¿que che pasa?

Mireina e traguei saliva.

-E el.

-¿Quen? -dixo con estrañeza
-O home, o home do gabán negro.

Desde a foto aquel pobre malpocado sorriame felizmente.
«¿Es ti? Se é certo, cólleme. Xa non soporto esta fuxida.
Quero morrer. Porque desde hoxe estou morto».